

Venres, 29 de agosto de 2025

Núm. 164

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****REDONDELA****Persoal, oposicións**

LISTA DEFINITIVA DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS, ÓRGANO DE SELECCIÓN E DATA DE INICIO DA FASE DE OPOSICIÓN DO PROCESO SELECTIVO PARA CUBRIR 3 PRAZAS VACANTES DE ORDENANZAS (1 PRAZA RESERVADA PERSOAS CON DIVERSIDADE FUNCIONAL)

ANUNCIO

A alcaldesa ditou a Resolución núm.: 2025-3117, con data de 26/08/2025, pola que aprobou a lista definitiva das persoas admitidas e excluídas, o órgano de selección, a data de constitución do órgano de selección e a data de inicio da fase de oposición do proceso selectivo que se convocou para cubrir tres prazas vacantes de persoal funcionario de carreira, coa denominación de ORDENANZAS (Unha praza reservada a persoas que teñan recoñecida a condición legal de persoa con diversidade funcional) do Concello de Redondela, incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2020, na cal se establece o seguinte,

“RESOLUCIÓN

As bases xerais que regulan a convocatoria de procesos selectivos para cubrir prazas vacantes de persoal funcionario e laboral no Concello de Redondela publicáronse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm.: 50, do 13/03/2015 e as súas rectificacións, no BOPPO núm.: 77, do 22/04/2016, no núm.: 25, do 08/02/2021 e no núm.: 152, do 10/08/2022

As bases específicas para cubrir 3 prazas de ORDENANZA (Unha praza reservada a persoas que teñan recoñecida a condición legal de persoa con diversidade funcional), equiparadas a outras agrupacións profesionais sen requisito de titulación da función pública (Disposición adicional 6.^a do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público), encadradas dentro da escala de Administración Xeral, subescala Subalterna, polo sistema de oposición, quenda libre e incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2020, publicáronse no BOPPO núm.: 93, do 16/05/2023.

O prazo de presentación de instancias iniciouse o día 07/07/2023 e rematou o día 04/08/2023.

A alcaldesa ditou a Resolución núm.: 2023-2876, con data de 04/12/2023, pola que aprobou a lista provisional de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo que se convocou para cubrir 3 prazas de ORDENANZA (Unha praza reservada a persoas que teñan recoñecida a condición legal de persoa con diversidade funcional), incluídas na Oferta de Emprego Público



Venres, 29 de agosto de 2025

Núm. 164

do ano 2020, que se publicou no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm.: 236, do 11/12/2023.

O día 26/12/2023 finalizou o prazo establecido de 10 días hábiles para poder emendar, no seu caso, o defecto que motivase a exclusión ou para subsanar outra documentación non excluín-te.

Tras resolver as alegacións que se presentaron contra esta lista provisional durante o antedito prazo e de conformidade coas bases xerais que regulan a convocatoria de procesos selectivos para cubrir prazas vacantes de persoal funcionario e laboral do Concello de Redondela e de acordo coas bases específicas da convocatoria que se publicaron no BOPPO núm.: 93, do 16/05/2023, é polo que, en virtude das competencias que me asigna a lexislación local vixente,

RESOLVO:

PRIMEIRO.— Admitir neste proceso selectivo a Iria Álvarez Melón, con DNI núm.: *****063-F, a Laura Duro de la Fuente, con DNI núm.: *****462-E e a Pedro Velasco López, con DNI núm.: *****721-L e elevar a definitiva a lista provisional de persoas admitidas e excluídas para a cobertura de 3 prazas de ORDENANZA (Unha praza reservada a persoas que teñan recoñecida a condición legal de persoa con diversidade funcional), polo sistema de oposición libre.

SEGUNDO.— Designar o órgano de selección do proceso selectivo que se convocou para cubrir 3 prazas de ORDENANZA (Unha praza reservada a persoas que teñan recoñecida a condición legal de persoa con diversidade funcional), que estará integrado polos seguintes membros:

PRESIDENTA:

- Titular: Antía Mosquera González, administrativa adscrita ao Servizo de Festas do Concello de Vigo.
- Suplente: Xavier Rodríguez Fernández, auxiliar administrativo adscrito ao Servizo de Museos do Concello de Vigo.

SECRETARIA:

- Titular: Miriam Rodríguez Pérez, auxiliar administrativa adscrita ao taller de Vías e Obras do Concello de Vigo.
- Suplente: Pablo Saavedra Salgueiro, técnico medio de Topografía adscrito á Área de Servizos Xerais do Concello de Vigo.

VOGAIS:

- Titular: Andrés Carlos Fernández Lucas, técnico de xestión do Servizo de Infraestruturas e Vías provinciais da Deputación de Pontevedra.
- Suplente: Rocío de Sinde Penas, técnica de xestión do Servizo de Asistencia Intermunicipal da Deputación de Pontevedra.
- Titular: Ana Isabel Pichel Pazos, técnica de xestión do Servizo de Arquitectura da Deputación de Pontevedra.



Venres, 29 de agosto de 2025

Núm. 164

- Suplente: José Antonio Gulías Varela, xefe de negociado do Servizo de Contratación da Deputación de Pontevedra.
- Titular: Sonia Cacabelos Cobas, oficiala de servizos xerais e subalternos do Museo de Pontevedra da Deputación de Pontevedra.
- Suplente: María Rocío Folgar Otero, oficiala de servizos xerais e subalternos adscrita a Secretaría Xeral da Deputación de Pontevedra.

TERCEIRO.— A data de constitución do órgano de selección deste proceso selectivo será o:

DÍA: 04/11/2025

HORA: 09:00

LUGAR: Multiúsos da Xunqueira, sito no Paseo da Xunqueira, s/n, Redondela.

CUARTO.— As persoas aspirantes quedan convocadas para a realización do primeiro exercicio da fase de oposición o:

DÍA: 04/11/2025

HORA: 12:00

LUGAR: Multiúsos da Xunqueira, sito no Paseo da Xunqueira, s/n, Redondela.

QUINTO.— Publicar no BOPPO, na sede electrónica, na páxina web e no taboleiro de anuncios do concello a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas, o órgano de selección, a data de constitución do órgano de selección e a data de inicio da fase de oposición deste proceso selectivo.

SEXTO.— Contra a resolución da alcaldesa aprobatoria da lista definitiva, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao desta resolución (artigo 124, da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas) ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, segundo o artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.”

Documento asinado electronicamente á marxe.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:J39EN81MX9C9D5EP

